

# TEXTO

---

## AS FLORIÑAS DE SAN FRANCISCO

*Traducción de DARÍO XOHÁN CABANA*

Entre os anos 2013 e 2015 vense celebrando en Galicia, de moitos xeitos distintos, o VIII centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela, que tivo lugar entre 1213 e 1215.

O desprazamento de Francisco de Asís a estas terras do sur de Europa, coa intención fallida de pasar a Marrocos a evanxelizar aos árabes, contribuiu á consolidación do “Camiño de peregrinación a Compostela” e, asimesmo, á universalización da recén nada Orden Franciscana. En efecto, no capítulo IV das chamadas *I fioretti* dise: *E san Francisco e os outros compañeiros foron a Santiago. Chegados aló, e estando de noite en oración na igrexa de Santiago, foille revelado por Deus a san Francisco que debía fundar moitos conventos polo mundo.*


Neste oitavo centenario daquelas trascendentais xornadas da nacente orde franciscana (que recibiu forte impulso ao peregrinar San Francisco e compañeiros a Compostela), a Xunta de Galicia e Alvarellos Edicións acaban de ofrecernos unha magnífica tradución galega –obra do académico lucense Darío Xohán Cabana (e ilustracións de Domingo Basso)– de *I fioretti*<sup>(1)</sup>, texto medieval de “purísima lingua toscana”; versión poética galega que engade digno marco a esta xoia literaria do século XIV italiano.

O mesmo tradutor, Darío X. Cabana, describe así a obra traducida: “Un delicioso libro de contos piadosos, a menudo salferidos de grazia e humor e sempre cheos de profunda emoción relixiosa, mística e fraternal. As figuras de san Francisco e dos seus compañeiros e seguidores

(1) AS FLORIÑAS de san Francisco; tradución de Darío Xohán Cabana e ilustracións de D. Basso, Ed. Xunta de Galicia e Alvarellos Edicións, Santiago 2014.

xorden destas páxinas cunha extraordinaria sedución, chea de vida e de verdade e, por qué non dicilo, de simpatía persoal".

Dos 53 capítulos que componen a obra poética, máis o famoso Cántico o sol de San Francisco, LVCENSIA –coas debidas licencias, que moito agradecemos– ofrece nesta sección de TEXTO, a modo de mostra e homenaxe e adhesión ó VIII Centenario da peregrinación de San Francisco á tumba do Apóstolo, a transcripción de tres capítulos



particularmente significativos: o I, o IV e o XXVII, así como a reproducción da artística portada desta edición de luxo, pola que compre felicitar a tódolos que, deste modo tan acertado, contribúen á elevación espiritual e promoción da Peregrinación xacobea, tarefa que ven levando a cabo con tanta eficacia, desde hai xa anos, a S. A. de Promoción do Xacobeo.

## I

## Estas son as floriñas do glorioso señor san Francisco e dos seus frades



rimeiramente hai que considerar que o glorioso señor san Francisco en todos os feitos da súa vida foi conforme a Cristo. Porque, como Cristo no principio da súa predicación escolleu doce apóstolos que desprezaren todas as cousas mundanas e o seguisen na pobreza e nas outras virtudes, tamén san Francisco escolleu ó principio da fundación da súa Orde doce compaÑeiros que profesaron a altísima pobreza. E como un dos doce apóstolos de Cristo, reprobado por Deus, acabou aforcándose pola gorxa, tamén un dos doce compaÑeiros de san Francisco, que se chamaba frei Xoán da Capela, apostatou e acabou aforcándose el mesmo pola gorxa. E isto é para os elixidos de Deus grande exemplo e motivo de humildade e de temor, considerando que ninguén ten a seguranza de poder perseverar ata o fin na grazia de Deus. E como os santos apóstolos foron para todo o mundo marabillosos de santidade e cheos do Espírito Santo, tamén os santísimos compaÑeiros de san Francisco foron homes de tanta santidade que desde o tempo dos apóstolos para acó o mundo non tivo tan marabillosos e santos homes. Porque algún deles foi arrebatado deica o terceiro ceo, coma san Paulo, e este foi frei Exidio; algún deles, ou sexa, frei Filipe Longo, foi tocado

nos labios polo anxo coa brasa do lume, como fora Isaías profeta; algún deles, ou sexa, frei Silvestre, falaba con Deus como fai un amigo con outro, da mesma maneira ca Moisés; algún voaba, por sutileza de intelecto, ata a luz da divina sabedoría, coma a aguia, ou sexa Xoán Evanxelista, e este foi frei Bernardo humildísimo, que expoña profundisimamente a Santa Escritura; algún deles foi santificado por Deus e canonizado no ceo, vivindo áinda no mundo, e este foi frei Rufino, fidalgo de Asís. E así todos foron privilexiados con singular sinal de santidade, como seguidamente se declarará.



## IV

## Como o anxo foi á porta falar con frei Elías

**N**

o principio e fundación da Orde, cando había poucos frades e non se estableceran áinda os conventos, san Francisco pola súa devoción foi a Santiago de Galicia, e levou canda el algúns frades, entre os cales un foi frei Bernardo. E andando así xuntos polo camiño, atoparon nun sitio un pobre enfermo, e compadecéndose del san Francisco díxolle a frei Bernardo: «Meu fillo, quero que ti quedes aquí para coidar este enfermo». E frei Bernardo, axeonllándose e inclinando a cabeza humildemente, recibiu a obediencia<sup>2</sup> do paí santo e ficou naquel lugar. E san Francisco e os outros compañeiros foron a Santiago.

Chegados aló, e estando de noite en oración na igrexa de Santiago, foille revelado por Deus a san Francisco que debía fundar moitos conventos polo mundo, porque a súa Orde se debía dilatar e medrar en grande multitud de frades. E por esta revelación empezou san Francisco a fundar conventos naquelas terras. E retornando polo camiño de antes, san Francisco volveu atopar a frei Bernardo e mais o enfermo con quen o deixara, que estaba perfectamente curado, polo que san Francisco lle

concedeu a frei Bernardo ir a Santiago o ano seguinte.

Entón san Francisco volveu ó val de Espoleto. E estaba nun lugar deserto, el e frei Maseo e frei Elías e algúns outros, todos os cales se gardaban moito de molestar ou estorbar a san Francisco na oración. E isto facíanlo pola grande reverencia que lle tiñan, e porque sabían que Deus lle revelaba grandes cousas nas oracións.

Sucedeu un día que estando san Francisco en oración na fraga un fermoso mozo con roupa de viaxe chegou á porta do convento; e petou tan de présa e tan forte e tanto tempo seguido que moito se abraíaron os frades de tan desusada maneira de petar. Foi frei Maseo e abriu a porta, e díxolle a aquel mozo: «De onde vés ti, fillo, que non parece que estiveras nunca por aquí, tan desusadamente petaches?» Respondeu o mozo: «E como se debe petar logo?» Dixo frei Maseo: «Peta tres veces, unha despoxa da outra, e espazadamente; despoxa agarda tempo abondo para que o fraude diga o nosopai e veña a ti; e se nese intervalo non viñer, peta outra vez». Respondeu o mozo: «Teño moita présa, e por iso peto tan forte; porque teño que facer unha longa viaxe, e vin aquí para falar con frei Francisco. Mais el está agora na fraga en contemplación, e por iso non o

<sup>2</sup> Mantemos o termo técnico franciscano: *obediencia* é neste caso a orde que se cumple por «santa obediencia».

quiero molestar. Pero vai e mándame frei Elías, porque lle quero facer unha pregunta, porque teño entendido que é moi sabio».

Vai frei Maseo e dille a frei Elías que vaia onda aquel mozo; pero frei Elías pónse a escandalizar<sup>3</sup> e non quere ir. De maneira que frei Maseo non sabe que facer, nin que responderlle ó mozo; porque se dixese 'frei Elías non pode vir', mentiría; e se dixese que estaba alporizado e non quería ir, temía darlle mal exemplo. E como con todo isto frei Maseo non daba volvido, o mozo petou outra vez coma antes. E pouco despois volveu frei Maseo á porta, e díxolle ó mozo: «Non seguiches a miña doutrina no petar». Respondeu o mozo: «Frei Elías non quere vir onda min; pero vai e dille a frei Francisco que eu vin para falar con el; mais como non lle quero empecer a oración, dille que me mande frei Elías».

Entón frei Maseo foi a cabo de san Francisco, que oraba na fraga co rostro levantado cara ó ceo, e díxolle toda a embaixada do mozo e a resposta de frei Elías. E aquel mozo era o anxo de Deus en forma humana.

Entón san Francisco, sen moverse do sitio nin baixar a cara, díxolle a frei Maseo: «Vai

e dille a frei Elías que por obediencia vaia inmediatamente onda ese mozo». Cando frei Elías ouviu a obediencia de san Francisco, foi á porta moi alporizado, e abriuna con grande ímpeto e ruído, e díxolle ó mozo: «Que é o que queres ti?». Respondeulle o mozo: «Irmán, procura non estar alporizado, como pareces, porque a ira empece o ánimo e non deixa discernir a verdade». Dixo frei Elías: «Dime o que queres de mim». Respondeu o mozo: «Eu pregúntoche se os observantes do santo Evanxeo lles é lícito comeren o que lles poñen diante, segundo o que Cristo lles dixo ós seus discípulos. E pregúntoche tamén se lle é lícito a alguén impoñerelles alguma cousa contraria á liberdade evanxélica». Respondeu frei Elías soberbiosamente: «Eu sei ben isto, pero non che quero responder; vaite polo teu camiño». Dixo o mozo: «Eu sabería responder a esta pregunta mellor ca ti». Entón frei Elías, alporizado, pechou a porta con furia e marchou.

Despois empezou a pensar na devandita pregunta e a dubidar entre si mesmo, e non a sabía resolver. Porque el era vicario xeral da Orde, e ordenara e fixera constitución, alén do Evanxeo e alén da Regra de san Francisco, de que ningún fraude na Orde comese carne; de maneira que a devandita pregunta era expresamente contra el. Entón, non sabéndoa clarexar el mesmo, e considerando a modestia

<sup>3</sup> Escandalizar é termo ainda hoxe usado en conventos e outras comunidades relixiosas no sentido de berrar, bourar, alporizarse, «armar escándalo».

do mozo, e que dixerá que sabería responder a aquela pregunta mellor ca el, volvے á porta e ábre-a para preguntarlle ó mozo sobre a devandita cuestión. Mais el marchará xa, porque a soberbia de frei Elías non era digna de falar co anxo.

Despois disto san Francisco, a quen lle fora revelado todo por Deus, volvے da fraga e fortemente con alta voz reprendeu a frei Elías dicindo: «Mal facedes, frei Elías soberbio, que botades de onda nós os anxos santos que nos veñen instruír. E dígoche que moi temo que a túa soberbia non che faga acabar fóra desta Orde». E así lle pasou despois como san Francisco lle predixo, porque morreu fóra da Orde.

O mesmo día e á mesma hora en que aquel anxo marchou, aparecéruselle na mesma forma a frei Bernardo, que volvía de Santiago e estaba na ribeira dun gran río; e saudouno na súa lingua dicindo: «Deus che dea paz, bo irmán». E marabillándose frei Bernardo e considerando a beleza do mozo e a fala da súa patria, coa saudación pacífica e coa cara alegre preguntoulle: «De onde ves ti, bo rapaz?» Respondeu o anxo: «Veño de tal convento onde vive san Francisco. E fun para falar con el, e non puiden, porque estaba na fraga a contemplar as cousas divinas, e non o quixen molestar.


E nese convento viven frei Maseo e frei Exidio e frei Elías. E frei Maseo aprendeume a petar á porta á maneira dos frades. Pero frei Elías, como non me quixo responder á pregunta que lle fixen, despois arrepentiu-se, e quíxome oír e ver, e non puido».

Despois destas palabras, díxolle o anxo a frei Bernardo: «Por que non pasas para a outra beira?» Respondeulle frei Bernardo: «Porque temo o perigo pola fondura da auga que vexo». Dixo o anxo: «Pasemos xuntos e non teñas medo». E colleuno pola man, e nun abrir e cerrar de ollos púxoo na outra banda do río. Entón frei Bernardo coñeceu que era o anxo de Deus, e con gran reverencia e gozo dixo en alta voz: «Oh anxo bendito de Deus, dime cal é o teu nome» Respondeu o anxo: «Por que preguntas o meu nome, que é marabilloso?». E dito isto, o anxo desapareceu e deixou a frei Bernardo moi consolado, de maneira que fixo toda aquela viaxe con alegría. E considerou o día e a hora en que o anxo se lle aparecería; e chegado ó convento onde estaba san Francisco cos devanditos compañoiros, contoulles ordenadamente todo; e coñeceron con certeza que aquel mesmo anxo naquel día e naquela hora se lles aparecería a eles e a el; e déronlle grazas a Deus. Amén.

T

## XXVII

## Como san Francisco foi a Boloña e converteu dous grandes escolares coa súa predicación



nhá vez que san Francisco chegou á cidade de Boloña, todo o pobo da cidade corría para velo; e era tan grande a foula de xente que lle custou moito traballo chegar á praza. E cando a praza estaba toda chea de homes e de mulleres e de estudantes, san Francisco subiu no medio a un lugar alto e empezou a predicar o que o Espírito Santo lle ditaba. E predicaba cousas tan marabillosas que más ben parecía que predicasen un anxo ca non un home; e parecían as súas palabras celestiais, a modo de frechas agudas, que traspasaban de tal xeito os corazóns dos que o oían que naquela predicación se converteu a penitencia unha grande multitud de homes e de mulleres.

Entre eles estaban dous nobres estudantes da Marca de Ancona: un chamábase Peregrino e o outro Ricerio. Estes dous, coa devandita prédica tocados no corazón pola divina inspiración, achegáronse a san Francisco dicindo que querían decididamente abandonar o mundo e ser dos seus frades. Entón san Francisco, coñecendo por revelación divina que eran mandados por Deus e que na Orde debían levar santa vida, e considerando o seu grande fervor, recibiuños alegremente dicíndolles: «Tí, Peregrino, sigue na Orde o camiño da humildade; e tí, Ricerio, sirve os frades».

E así foi; porque frei Peregrino nunca quixo ser clérigo, senón leigo, aínda que era moi letrado e gran decretalista. E por esta humildade chegou a grande perfección de virtude, tanto que frei Bernardo, primoxénito de san Francisco, dixo que era un dos más perfectos frades deste mundo. E finalmente este frei Peregrino, cheo de virtudes, pasou desta vida á vida benaventurada, con moitos milagres antes da morte e despois.

Frei Ricerio servía devotamente e fielmente os frades, vivindo en grande santidade e humildade; e fixose moi familiar a san Francisco, e san Francisco reveláballe moitos segredos. E sendo nomeado ministro da provincia da Marca de Ancona, gobernouna moito tempo en grandísima paz e discreción.

Despois dalgún tempo, Deus permitiulle unha grandísima tentación na súa alma, pola que el, atribulado e angustiado, fortemente se affixía con xaxúns e disciplinas e lágrimas e oracións de día e de noite. E aínda así non daba escorrentado aquela tentación, e moitas veces ficaba en gran desesperación, pois a causa dela considerábase abandonado por Deus.

Estando nesta desesperación, como derradeiro remedio decidiu ir xunta san

Francisco, pensando así: «Se san Francisco me pon boa cara e me amosa familiaridade como adoita, eu crerei que Deus áinda ha de ter piedade de mí; pero senón, será sinal de que estou abandonado por Deus».

Sae entón e vai onda san Francisco, que naquel tempo estaba no pazo do bispo de Asís, gravemente enfermo; e Deus reveloulle todo o referente á tentación e á desesperación do devandito frade, e a súa decisión e a súa vindá. E inmediatamente san Francisco chamou a frei León e frei Maseo e díxolles: «Ide ó encontro do meu queridísimo fillo frei Ricerio; e abrazádeo da miña parte, e saudádeo, e dicídelle que entre todos os frades que hai no mundo eu lle quero especialmente».

Van estes e atopan no camiño a frei Ricerio, e abrazárono e dixéronlle o que san Francisco lles mandara. Entón sentiu tanta consolación e dozura na alma que case quedou fóra de si; e dándolle grazas a Deus de todo corazón, foi e chegou ó sitio onde san Francisco xacía enfermo. E áinda que san Francisco estaba gravemente enfermo, cando sentiu vir a frei Ricerio ergueuse e foille ó encontro, e abrazándoo docemente díxolle: «Meu fillo queridísimo frei Ricerio, entre todos os frades que hai no mundo eu quéroche especialmente».

E dito isto, fixolle o sinal da santa cruz na fronte, e beixouno nela, e despois díxolle: «Filho queridísimo, esta tentación permitiucha Deus para o teu grande mérito e gaño; pero se non queres más este gaño, non o teñas». Cousa marabillosa! Tan pronto como san Francisco dixo estas palabras, inmediatamente desapareceu del toda tentación, coma se nunca na súa vida a sentira, e quedou todo consolado.

En loor de Deus. Amén.

T